




**fondo  
galego**  
de cooperación  
e solidariedade

*Memoria* | 2 | 0 | 0 | 9 |

*En tempos de crise, cooperación e solidariedade*



## **Memoria 2009**

*Fotografías de portada:* Fondo Galego

*Edita:* Secretaría do Fondo Galego de Cooperación e  
Solidariedade (IGADI)


*Sede do Fondo Galego:* FEGAMP- Área Central  
Rúa Varsovia, 4C – 6ª  
15703 Santiago de Compostela  
Tfno.: 981-555-999  
Fax: 981-565-203

*Secretaría do Fondo Galego:* Avenida Joselín, 7 – Portal 3 -4ºB  
36300 Baiona (Pontevedra)  
Tfno. / Fax: 986-357-238  
Páxina en rede: [www.fondogalego.org](http://www.fondogalego.org)  
Enderezo electrónico: [info@igadi.org](mailto:info@igadi.org)

*Impresión:* Gráficas Feito S. L.  
*Deseño gráfico:* Breogán Xuncal Pereira  
*Depósito legal:*



# INDICE



<b>0</b>	<b>PRESENTACIÓN</b>	<b>5</b>
<b>1</b>	<b>TECIDO ASOCIATIVO</b>	<b>7</b>
<b>2</b>	<b>OS PROXECTOS DO FONDO</b>	<b>11</b>
<b>3</b>	<b>A SENSIBILIZACIÓN NO FONDO</b>	<b>25</b>
<b>4</b>	<b>AS PUBLICACIÓNS DO FONDO</b>	<b>33</b>
<b>5</b>	<b>BALANCE ECONÓMICO</b>	<b>37</b>
<b>6</b>	<b>AXENDA 2009</b>	<b>39</b>





## O

## PRESENTACIÓN



## EN TEMPOS DE CRISE, COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE

O 2009 será lembrado pola crise económica mundial, xa que afectou e afecta de maneira directa a vida das persoas do lado rico do planeta. Quedará rexistrado nos libros de historia e na memoria colectiva, porque nos afectou a nós, ás chamadas sociedades desenvolvidas. A crise, que xa se comezaba a notar en 2008, continuou o ano pasado a pesar das inxeccións multimillonarias no sistema bancario internacional, e ninguén sabe pórllle aínda data de caducidade. Non obstante, se facemos un esforzo por afastármonos dun xeocentrismo pouco realista no mundo global, decatámonos de que o planeta vive unha crise humanitaria permanente, con millóns de mortos por desnutrición e o mapa das vulnerabilidades cada vez máis estendido e acusado. Non baixemos a garda: a crise económica do NORTE non pode ser coartada para paralizar os avances no SUR. Un SUR que tamén padece a crise, pero de modo aínda máis intenso.

Continuamos firmemente comprometidos coa Declaración dos Dereitos Humanos e os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio como guieiros do noso camiño, como conquistas irrenunciáveis dos homes e mulleres que co pasar da historia elevaron a conciencia da nosa humanidade. Confiamos nas posibilidades da cooperación internacional ao desenvolvemento, e orgullámonos da cooperación municipalista galega, onde desde Concellos e Deputacións, desde a proximidade á cidadanía, achegamos o noso saber facer específico.

Nesa liña inscríbese o traballo do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade desde hai agora trece anos. Os Concellos e as Deputacións de Galicia suman esforzos para tender pontes transoceánicas, transculturais, pontes de solidariedade que abren xanelas á esperanza de, algún día, materializar o soño dun mundo equitativo e sustentable.

O ano pasado o Fondo traballou en Cuba, no Perú, en Cabo Verde, en Nicaragua e, en post-emerxencia, tra-

los bombardeos israelitas, na Faixa de Gaza, en Palestina, onde a pesar da calma mediática, continúa o drama humano.

Mais o traballo no Fondo non pasa só polos proxectos de cooperación lonxe das nosas fronteiras. Pasa tamén polo fortalecemento das ONGD's propias, do tecido cooperante galego, por medio da convocatoria de proxectos, das Xornadas Anuais de Cooperación e outros espazos de encontro e colaboración. E vai máis alá, organizando desde o 2003 a Rede Municipalista Solidaria, cursos formativos e outras actividades que contribúen a reforzar e estimular o compromiso de políticas e políticos, técnicos e técnicos locais coa cooperación internacional para o desenvolvemento.

Este documento é reflexo fiel, por máis que sintético, do traballo realizado durante o ano 2009 pola nosa asociación.

**Alfredo Novoa**

Presidente do Fondo Galego



## 1

# TECIDO ASOCIATIVO 2010



O Fondo Galego comeza o 2010 con 101 socios, 97 Concellos e as 4 Deputacións provinciais. No noso tecido asociativo participan as sete cidades galegas, a maioría dos concellos grandes e medianos, e unha importante e plural representación de Concellos de menor tamaño. En total, os municipios do Fondo Galego representan o 80% da poboación galega. Dous millóns de galegos, por medio dos seus Concellos, participan nesta rede solidaria, froito do esforzo das institucións locais do país.

Por primeira vez na súa historia, o Fondo Galego perdeu masa asociativa en relación ao ano precedente, con seis baixas que non puideron ser compensadas. Unha baixa voluntaria e 5 expulsións derivadas da acumulación de cotas impagadas. É un pequeno paso atrás que non pode ter como coartada lexitimante a crise económica, por canto as achegas anuais mínimas para os socios representan unha proporción ínfima dos orzamentos municipais e provinciais, extraordinariamente

lonxe do 0,7% a que as institucións internacionais nos compelen. No contexto dunha das autonomías institucionalmente menos solidarias de todo o Estado, isto resulta especialmente preocupante.

Presentámosvos aquí diferentes táboas que dan conta do tamaño e representatividade da asociación.

## Radiografía dos socios por provincia (nº de socios por provincia, porcentaxe)

Provincia	Total Concellos	Asociados ao Fondo	% por provincia	Deputacións asociadas
A CORUÑA	94	36	38,30%	Si
LUGO	67	14	20,90%	Si
OURENSE	92	19	20,65%	Si
PONTEVEDRA	62	28	45,16%	Si
<b>TOTAL</b>	<b>315</b>	<b>97</b>		
		97+4 (dep.)		




**POBOACIÓN TOTAL DA SOCIEDADE GALEGA**

A CORUÑA	1.145.488
LUGO	355.195
OURENSE	335.642
PONTEVEDRA	959.764
TOTAL	2.796.089

**RELACIÓN DE POBOACIÓN DE CONCELLOS SOCIOS POR PROVINCIAS**

A CORUÑA	873.177	76,23%
LUGO	182.794	51,46%
OURENSE	170.188	50,71%
PONTEVEDRA	749.996	78,14%
TOTAL	1.976.155	70,68%

**EVOLUCIÓN NÚMERO DE SOCIOS**

NOTA: Todos os datos aquí presentados están baseados nos últimos presentados polo Instituto Galego de Estatística, a data de 1 de xaneiro de 2009.

**Vida Asociativa:**

A Asamblea Xeral é o órgano soberano do Fondo Galego, no que se reúne aos representantes políticos de todos os Concellos e Deputacións socias. Constitúe o foro fundamental de opinión, e encontro entre os decisores reais do Fondo Galego, os seus representantes públicos. Durante o ano 2009 a Asamblea Xeral reuniuse en dúas ocasións en Santiago de Compostela, o 27 de marzo e o 26 de xuño.

**A Comisión Executiva:**

A Comisión Executiva é o órgano de goberno e de administración da Asociación. Está integrada polos socios que ostentan os cargos de presidencia, vicepresidencia, secretaría, tesouraría e cinco vogalías. Os cargos da Comisión Executiva renovaranse en todo caso despois de cada convocatoria de eleccións locais e dentro dos catro meses seguintes á constitución dos Concellos. Na actualidade a Comisión Executiva está composta da seguinte maneira:



**Comisión Executiva (24/03/2009):**

<b>Cargo</b>	<b>Entidades socias</b>	<b>Representante</b>	<b>Persoa técnica responsable</b>	<b>Enderezo postal, enderezo electrónico e teléfono</b>
Presidencia	Oleiros (A Coruña)	Alfredo Novoa Gil	Mar Barreiro Barco	Praza Galicia 1, 15173-Oleiros anovoagil@yahoo.es m.barreiro@oleiros.org mdmarbarreiro@gmail.com 981-61-00-00
Vicepresidencia	Ferrol (A Coruña)	Beatriz Sestayo	Paula Prados	Rúa Sánchez Barcaiztegui, nº 35-47 CP: 15401, Ferrol (A Coruña) mclopez@ferrol.es 696 112 793
Secretaría	Igadi	Xulio Ríos Paredes	Ánxelo González Vicente	Avenida Joselín 7 portal 4ºB, 36300-Baiona xrios@igadi.org agonzalez@igadi.org 986-35-72-38
Tesourería	Baiona (Pontevedra)	Mª de los Ángeles Silva González	María Concepción Daporta Méndez	Lorenzo de la Carrera s/n, 36300-Baiona angelessilva6@hotmail.com tsocial@baiona.org 986-38-50-50
Vogalía 1 (Socios)	Deputación Ourense	Moisés Blanco	Francisco Javier Rodríguez Novoa	Rúa Progreso 32, 32003-Ourense moisesblanco@depourense.es 988-38-51-00
Vogalía 2 (Convocatorias e Proxectos)	Vigo (Pontevedra)	María Méndez	Jesús Núñez Torrón	Praza do Rei s/n, 36202-Vigo maria.mendez@vigo.org jesus.torron@vigo.org 986-81-01-00 (1214)
Vogalía 3 (Comunicación)	Allariz (Ourense)	Pilar Gallego Cid	Carmen Cid Pérez	Praza Maior 1, 32660-Allariz educacion@allariz.com 988-55-40-59
Vogalía 4 (Relación con ONGDs e actores)	Lugo (Lugo)	Carmen Basadre Vázquez	María Jesús López Vázquez	Praza Maior 1, 27001-Lugo cbasadre@concellodelugo.org mariajesus.lopez@concellodelugo.org 982-29-71-71
Vogalía 5 (Sensibilización e Formación)	Viveiro (Lugo)	Isabel Rodríguez	Lorena Fernández Méndez	Praza Maior 1, 27850-Viveiro isarodlop@yahoo.es in_dhia@hotmail.com 982-56-01-28



2

# OS PROXECTOS DO FONDO GALEGO 2009



**COOPERACIÓN INDIRECTA**

**MOZAMBIQUE**

ARQUITECTOS SEN FRONTEIRAS

**ETIOPÍA**

IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO

**NICARAGUA**

PAZ E DESENVOLVEMENTO

SOLIDARIEDADE GALEGA

**COOPERACIÓN DIRECTA**

**CABO VERDE**

CÁMARA MUNICIPAL DE SAN FILIPE

CÁMARA MUNICIPAL DO MAIO

INSTITUTO CABOVERDIANO PARA A IGUALDADE E EQUIDADE DE GÉNERO - ICIEG

CÁMARA MUNICIPAL DO PAÚL

**PERÚ**

CEPRODE

TIERRA DE NIÑ@S

**CARIBE**

CUBA

**ORIENTE MEDIO**

SIRIA

TERRITORIOS PALESTINIANOS (GAZA)

## Cooperación Indirecta

# MOZAMBIQUE

## ARQUITECTOS SEN FRONTEIRAS

<b>TÍTULO</b>	<b>Mellora das condicións sanitarias na provincia de Inhambane</b>	
<b>PAÍS/ÁREA XEOGRÁFICA</b>	Mozambique	
<b>PERÍODO DE EXECUCIÓN</b>	<b>Duración:</b>	8 meses
	<b>Data de inicio:</b>	Agosto 2009
	<b>Data de finalización:</b>	Marzo 2010
<b>ORZAMENTO TOTAL</b>	175.712,91 €	
<b>Achega Fondo Galego</b>	49.954,50€	

### DESCRIPCIÓN RESUMIDA DO PROXECTO

A acción diríxese a mellorar a xestión de recursos sanitarios e o acceso da poboación á rede sanitaria, dando continuidade aos traballos xa realizados por ASF dende o ano 2006 ata 2008, que tiveron como resultados: a elaboración dos Plans Directores do Hospital Provincial de Inhambane e do Hospital Rural de Vilankulo, redacción do proxecto executivo do centro de Saúde Urbano de Vilankulo, rehabilitación do Centro de Saúde Rural de Panda, e apoio técnico ao persoal da Dirección Provincial de Saúde, na área de construción.

No proxecto apoiado polo Fondo impleméntanse dúas liñas complementares do traballo xa desenvolvido:

- **Fortalecemento das capacidades:** Apoio ao fortalecemento da Dirección Provincial de Saúde de Inhambane.
- **Apoio á rede primaria da Provincia de Inhambane:** Rehabilitación do edificio do Centro de Saúde Río das Pedras e construción dunha nova maternidade.





- Cooperación Indirecta

## ETIOPÍA


### IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO

<b>TÍTULO</b>	<b>Desenvolvemento Urbano Comunitario en Addis Abeba</b>
<b>PAÍS/ÁREA XEOGRÁFICA</b>	Etiopía (Addis Abeba)
<b>PERÍODO DE EXECUCIÓN</b>	<b>Duración:</b> 12 meses
	<b>Data de inicio:</b> 1 de Agosto 2009
	<b>Data de finalización:</b> 31 de Xullo 2010
<b>ORZAMENTO TOTAL</b>	45.372 €
<b>Achega Fondo Galego</b>	26.372 €



#### DESCRIPCIÓN RESUMIDA DO PROXECTO

O terceiro ano do programa de Desenvolvemento Urbano Comunitario ten como obxectivo empoderar ás mulleres do kebele 17, no suburbio de Arada e ós kebeles 13 e 14 nos suburbios de Yeka en Addis Abeba (Etiopía). As accións encamiñanse a mellorar a súa situación económica, educativa e sanitaria. O proxecto nace da necesidade de evitar que as nenas que viven nos suburbios da cidade teñan que traballar na rúa ao non ter as súas familias acceso a recursos suficientes que lles permitan estudar e exercer os seus dereitos de infancia. O programa céntrase, sobre todo, nas familias cunha muller soa responsable da unidade familiar.




- Cooperación Indirecta

## NICARAGUA

### PAZ E DESENVOLVEMENTO

<b>TÍTULO</b>	<b>Fomento da Participación Cidadá no Cadro dos Gabinetes do Poder Cidadán no Municipio de Tototalpa, no Departamento de Madriz, en Nicaragua.</b>		
<b>PAÍS/ÁREA XEOGRÁFICA</b>	Nicaragua (Tototalpa)		
<b>PERÍODO DE EXECUCIÓN</b>	<b>Duración:</b>	12 meses	
	<b>Data de inicio:</b>	1 de Agosto 2009	
	<b>Data de finalización:</b>	31 de Xullo 2010	
<b>ORZAMENTO TOTAL</b>	87.693,45 €		
<b>Achega Fondo Galego</b>	50.000 €		



#### DESCRIPCIÓN RESUMIDA DO PROXECTO

O presente proxecto quere impulsar o fortalecemento municipal e gobernabilidade democrática a través do incremento da participación cidadá. A proposta promove accións de fortalecemento de capacidades no Goberno Municipal de Tototalpa e nas estruturas comunitarias locais.





- Cooperación Indirecta

## NICARAGUA

## SOLIDARIEDADE GALEGA

<b>TÍTULO</b>	<b>A Formación Sanitaria como vía de desenvolvemento, en Ocotal (Nueva Segovia) e Puerto Cabezas, Nicaragua</b>		
<b>PAÍS/ÁREA XEOGRÁFICA</b>	Nicaragua		
<b>PERÍODO DE EXECUCIÓN</b>	<b>Duración:</b>	6 meses	
	<b>Data de inicio:</b>	Agosto 2009	
	<b>Data de finalización:</b>	Xaneiro 2010	
<b>ORZAMENTO TOTAL</b>	30.000 €		
<b>Achega Fondo Galego</b>	24.000 €		



## DESCRIPCIÓN RESUMIDA DO PROXECTO

Este é un proxecto formativo que ten como obxectivo principal mellorar a saúde da poboación máis vulnerable (mulleres, nenos/as e adolescentes), a través da realización de cursos teórico-prácticos ó persoal sanitario (médicas/os, enfermeiras/os, matronas, voluntariado no eido da saúde) e profesionais non sanitarios (mergulladoras/es, policía, bombeiras/os, exército), para mellorar a calidade de atención sanitaria. Inclúe tamén a realización de charlas de educación sexual e planificación familiar a adolescentes.



- Cooperación Directa

## CABO VERDE

## CÁMARA MUNICIPAL DE SAN FILIPE

<b>TÍTULO</b>	<b>Abastecemento de Auga e Saneamento para as zonas de Cabeça Monte, Inhuco e Lagariça</b>
<b>PARCEIRO LOCAL</b>	Câmara Municipal de San Filipe
<b>PAÍS/ÁREA XEOGRÁFICA</b>	Cabo Verde (San Filipe)
<b>PERÍODO DE EXECUCIÓN</b>	<b>Duración:</b> 5 meses <b>Data de inicio:</b> 1 de Agosto 2009 <b>Data de finalización:</b> 31 de Decembro 2009
<b>ORZAMENTO TOTAL</b>	98.169,86 €
<b>Achega Concello de Vigo</b>	70.000 €
<b>Achega Fondo Galego</b>	3.568,61 €

## DESCRIPCIÓN RESUMIDA DO PROXECTO

Co presente proxecto preténdese estender a conexión de auga ás zonas de Cabeça Monte, Inhuco e Lagariça, a través da creación dunha rede principal, cunha extensión de 10.600 metros, e unha rede secundaria de cerca de 3.000 metros. Deste modo a conexión de auga domiciliar chegará ao 42% das familias empobrecidas (127 familias) do territorio da actuación. Tamén se apoiará na construción de baños a cerca do 25% de familias, consideradas entre as máis pobres (54). Actualmente ningunha vivenda conta con auga da traída e apenas o 29% conta con baño.





- Cooperación Directa

## CABO VERDE

## CÁMARA MUNICIPAL DO MAIO

<b>TÍTULO</b>	<b>Fortalecemento institucional e do tecido social da Cámara Municipal do Maio</b>
<b>PARCEIRO LOCAL</b>	Cámara Municipal do Maio
<b>PAÍS/ÁREA XEOGRÁFICA</b>	Cabo Verde (Municipio do Maio)
<b>PERÍODO DE EXECUCIÓN</b>	<b>Duración:</b> 5 meses <b>Data de inicio:</b> 1 de Agosto 2009 <b>Data de finalización:</b> 31 de Decembro 2009
<b>ORZAMENTO TOTAL</b>	61.175,33 €
<b>Achega Xunta de Galicia</b>	28.487,37 €
<b>Achega Fondo Galego</b>	883,82 €



## DESCRIPCIÓN RESUMIDA DO PROXECTO

Preténdese crear un Centro Comunitario nas localidades de Alcatraz e Pilão Cão, con vista a combater o illamento e promover a capacitación das respectivas poboacións. Estará ao servizo da asociación comunitaria existente, que presta atención ás dúas comunidades. A concreción deste proxecto permitirá a realización de actividades sociais e de formación profesional das/os súas/seus habitantes, contribuíndo así a: evitar comportamentos de risco, sobre todo na mocidade, ofrecéndolles actividades alternativas e do seu interese; ofrecer posibilidades formativas a dúas poboacións afastadas e con dificultades para acceder a outros centros educativos; fortalecer a asociación local, axudando a que poida articular respostas comunitarias a problemas comúns.



- Cooperación Directa

## CABO VERDE

## INSTITUTO CABOVERDIANO PARA A IGUALDADE E EQUIDADE DE GÉNERO - ICIEG

<b>TÍTULO</b>	<b>Apoio á implantación de políticas locais con perspectiva de xénero</b>
<b>PARCEIRO LOCAL</b>	ICIEG
<b>PAÍS/ÁREA XEOGRÁFICA</b>	Cabo Verde (Municipios de Praia e Paúl)
<b>PERÍODO DE EXECUCIÓN</b>	<b>Duración:</b> 8 meses
	<b>Data de inicio:</b> 1 de Xuño 2009
	<b>Data de finalización:</b> 31 de Xaneiro 2009
<b>ORZAMENTO TOTAL</b>	72.314,09 €
<b>ORZAMENTO ANUALIDADE 2009</b>	30.000 €
<b>Achega Concello de Vilagarcía</b>	6.000 €
<b>Achega Concello de Culleredo</b>	6.000 €
<b>Deputación de Lugo</b>	12.000 €
<b>Achega Deputación da Coruña</b>	30.000 €



### DESCRIPCIÓN RESUMIDA DO PROXECTO

O proxecto dá continuidade ás accións xa iniciadas no ano 2007 a través da execución do proxecto "Plaidoyer para aumentar o número de mulleres nas eleccións autárquicas de 2008". Insírese no esforzo de integración dunha abordaxe de xénero na planificación das políticas locais.

Para o cumprimento deste obxectivo preténdese traballar cos equipos municipais de dous concellos do país e coas organizacións de base. O produto final foi a elaboración de cadanseu Plan de Igualdade e Equidade de Xénero. Estes plans prevén a execución de accións específicas para promover a igualdade de xénero e o empoderamento das mulleres, incluíndo actuacións de discriminación positiva, como o establecemento de cotas mínimas de participación feminina, e a penalización da violencia de xénero.



- Cooperación Directa

## CABO VERDE

## CÁMARA MUNICIPAL DO PAÚL

<b>TÍTULO</b>	<b>Implementación do Plan Municipal de Igualdade e Equidade de Xénero (PMIEG) do Municipio do Paúl</b>
<b>PARCEIRO LOCAL</b>	Cámara Municipal do Paúl
<b>PAÍS/ÁREA XEOGRÁFICA</b>	Cabo Verde (Municipio do Paúl)
<b>PERÍODO DE EXECUCIÓN</b>	<b>Duración:</b> 5 meses <b>Data de inicio:</b> 1 de Agosto 2009 <b>Data de finalización:</b> 31 de Decembro 2009
<b>ORZAMENTO TOTAL</b>	60.616,42 €
<b>Achega Xunta de Galicia</b>	46.661,40 €
<b>Achega Fondo Galego</b>	379,42 €



## DESCRIPCIÓN RESUMIDA DO PROXECTO

Actuación tendente á promoción da igualdade de xénero e empoderamento das mulleres, a través da implementación do Plan Municipal para a Igualdade e Equidade de Xénero (PMIEG).

Esta proposta representa dá continuidade ao proxecto "Apoio á implementación de políticas locais cunha perspectiva de xénero", referido con anterioridade. Trátase agora de constituír o Gabinete de Apoio á Muller e, desde el, comezar a implementar as medidas previstas no Plan de Igualdade e Equidade de Xénero do Paúl.



- Cooperación Directa

## PERÚ

## CEPRODE

<b>TÍTULO</b>	<b>Xestión do desenvolvemento sostible en municipios rurais andinos</b>
<b>PARCEIRO LOCAL</b>	Centro de Promoción do Desenvolvemento e a Educación - CEPRODE
<b>PAÍS/ÁREA XEOGRÁFICA</b>	Perú
<b>PERÍODO DE EXECUCIÓN</b>	<b>Duración:</b> 5 meses <b>Data de inicio:</b> 1 de Agosto 2009 <b>Data de finalización:</b> 31 de Decembro 2009
<b>ORZAMENTO TOTAL</b>	119.905,68 €
<b>Achega Xunta de Galicia</b>	54.006,68 €
<b>Achega Fondo Galego</b>	1.200 €

## DESCRIPCIÓN RESUMIDA DO PROXECTO

Este proxecto promove o desenvolvemento de capacidades de xestión e planificación en 7 municipalidades distritais e 23 comunidades campesiñas da Provincia de Huaral, Rexión de Lima-Provincias. Trabállase con persoal municipal e líderes/esas comunitarios/as, a fin de fortalecer unha xestión local que tome como eixos prioritarios o desenvolvemento sustentable e a erradicación da pobreza. Inclúe actividades formativas, con edición de materiais educativos, e o desenvolvemento de plans estratéxicos de desenvolvemento local.





- Cooperación Directa

## PERÚ

## TIERRA DE NIÑ@S

<b>TÍTULO</b>	<b>Construcción de módulo educativo integral: aula para nen@s de 4 años, servizos hixiánicos incorporados, patio principal e muro de contención na I.E.I. nº 6080 "Rosa de América, Vila O Salvador".</b>		
<b>PARCEIRO LOCAL</b>	Tierra de Niñ@s		
<b>PAÍS/ÁREA XEOGRÁFICA</b>	Perú (Lima, Villa El Salvador)		
<b>PERÍODO DE EXECUCIÓN</b>	<b>Duración:</b>	5 meses	
	<b>Data de inicio:</b>	Agosto 2009	
	<b>Data de finalización:</b>	Decembro 2009	
<b>ORZAMENTO TOTAL</b>	53,028.16 €		
<b>Achega Xunta de Galicia</b>	45.811,28 €		
<b>Achega Fondo Galego</b>	842,34 €		



## DESCRIPCIÓN RESUMIDA DO PROXECTO

O presente proxecto beneficia directamente a 25 nenas e nenos de 4 anos da Institución Educativa Rosa de América Nº 6080, de Villa El Salvador, abríndolles a oportunidade de acceder ao nivel inicial de educación e facilitando, así, a permanencia e un progreso adecuado no sistema educativo. Tamén beneficia a 15 docentes do nivel inicial. A iniciativa forma parte da proposta de desenvolvemento integral que Tierra de Niñ@s vén executando no distrito de Villa El Salvador desde o ano 2002. Xorde tras a constatación de altos índices de repetición e deserción escolar de nenas e nenos do nivel primario, que tiñan como causa fundamental a incorrecta atención recibida na educación inicial.

Consiste na construción dunha aula e servizos hixiánicos para o nivel inicial e inclúe actividades de capacitación para as/os 15 docentes do nivel inicial. O proxecto busca ser un modelo piloto nesta zona de actuación periurbana, e quere ser replicable noutras zonas. Preténdese contribuir, a longo prazo, a que as políticas educativas estatais contemplan no seu orzamento este tipo de propostas de actuación como unha das prioridades para o país.



- Cooperación Directa

## CARIBE

## CUBA

TÍTULO	<b>Mellora das condicións de habitabilidade das vivendas do centro histórico de Santiago de Cuba</b>	
PARCEIRO LOCAL	Oficina do Conservador	
PAÍS/ÁREA XEOGRÁFICA	Santiago de Cuba	
PERÍODO DE EXECUCIÓN	Duración:	24 meses
	Data de inicio:	Decembro 2007
	Data de finalización:	Decembro 2009
ORZAMENTO TOTAL	313.236 €	
ORZAMENTO ANUALIDADE 2009	104.412 €	
Achega Xunta de Galicia	90.912 €	
Achega Fondo Galego	13.500 €	

## DESCRIPCIÓN RESUMIDA DO PROXECTO

A evolución socioeconómica do país nas últimas décadas, fortemente condicionada polo bloqueo económico e financeiro por parte dos Estados Unidos, non permitiu solucionar a problemática da habitabilidade, agravada co padecemento de catástrofes naturais.

O Plan Especial de Revitalización do Centro Histórico ten como un dos seus obxectivos elevar a calidade de vida das/os súas/ seus habitantes, recuperando paulatinamente todas as edificacións. O presente proxecto apoia a reconstrución de vivendas que datan fundamentalmente das etapas colonial e republicana, e nas que se fai necesaria unha intervención inmediata, para mellorar a calidade de vida das/dos moradoras/es.

Concretamente, actúase na rehabilitación de cubertas e mellora/recuperación de baños, cociñas e instalación eléctrica.





- Cooperación Directa


## ORIENTE MEDIO

## SIRIA

<b>TÍTULO</b>	<b>Reconstrución do campo de refuxiados de Neirab</b>	
<b>PARCEIRO LOCAL</b>	UNRWACE	
<b>PAÍS/ÁREA XEOGRÁFICA</b>	Siria	
<b>PERÍODO DE EXECUCIÓN</b>	<b>Duración:</b>	12 meses
	<b>Data de inicio:</b>	Decembro 2008
	<b>Data de finalización:</b>	Decembro 2009
<b>ORZAMENTO TOTAL</b>	250.000 €	
<b>ORZAMENTO ANUALIDADE 2009</b>	200.000 €	
<b>Achega Xunta de Galicia</b>	200.000 €	

## DESCRIPCIÓN RESUMIDA DO PROXECTO

O proxecto ten como fin mellorar as condicións de vida das refuxiadas/os de Palestina que habitan o campo de Neirab, en Siria, mediante a construción de 9 vivendas e a mellora das infraestruturas circundantes: sumidoiros e recollida de residuos sólidos, alumeado eléctrico, asfaltado de rúas, etc. Rehabilítanse espazos socioeconómicos en uso (negocios familiares) existentes nas plantas baixas das vivendas, mellorando o acceso aos comercios, tanto por parte das/os provedoras/es como das/os consumidoras/es. Adicionalmente créanse parques infantís e áreas verdes públicas, que humanicen o espazo. Todos estes traballos lévanse a cabo mediante un proceso participativo no que a propia poboación beneficiaria se organiza e colabora nos traballos.



- Cooperación Directa

## ORIENTE MEDIO

## TERRITORIOS PALESTINIANOS (GAZA)

<b>TÍTULO</b>	<b>Actuacións de Emerxencia en Gaza</b>
<b>PARCEIRO LOCAL</b>	Comité Español da UNRWA
<b>PAÍS/ÁREA XEOGRÁFICA</b>	Territorios Palestinos (Gaza)
<b>PERÍODO DE EXECUCIÓN</b>	<b>Duración:</b> 5 meses <b>Data de inicio:</b> 1 de Agosto 2009 <b>Data de finalización:</b> 30 de Decembro 2009
<b>ORZAMENTO TOTAL</b>	29.475 €
<b>Achega Concello da Coruña</b>	10.000 €
<b>Achega Concello Ferrol</b>	10.000 €
<b>Achega Concello Vilagarcía de Arousa</b>	6.000 €
<b>Aportes conta bancaria</b>	4.386 €



## DESCRIPCIÓN RESUMIDA DO PROXECTO

O pasado 31 de Agosto de 2009, o Comité Español da UNRWA e o Fondo Galego asinaron un convenio comprometéndose á realización de actuacións de post-emerxencia na Faixa de Gaza, coa finalidade de apoiar a mellora da situación da poboación palestina, agravada cos bombardeos israelitas que tiveron lugar entre decembro de 2008 e xaneiro de 2009.

Esta iniciativa estivo destinada a apoiar 50 familias (343 persoas) na reconstrución e reparacións menores das súas vivendas. A pesar da grave escaseza de materiais de construción que poden pasar a fronteira con Israel, un total de máis de dous terzos das familias de toda a franxa de Gaza logrou mellorar a situación das súas vivendas en termos de reparación e reconstrución.

NOTA: De todos os proxectos do Fondo Galego existe abundante documentación e información, que pode ser consultada, previo requerimento á Secretaría Técnica, por quen teña interese.



## 3

## A SENSIBILIZACIÓN NO FONDO GALEGO 2009



O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade conta xa con 12 anos de traballo a prol da apertura e consolidación de procesos de desenvolvemento humano en máis de 20 países, entre os que destacan especialmente as intervencións efectuadas en Cabo Verde, Cuba, Perú e Nicaragua, onde as accións, pouco a pouco, se foron concentrando nun esforzo consciente de redución dos países prioritarios, en favor dun maior e mellor impacto. En máis dunha ocasión o Fondo viuse obrigado polas circunstancias á participación en proxectos de Axuda de Post-emerxencia nestes mesmos territorios, dadas as devastadoras consecuencias de diferentes desastres naturais que os afectaron.

Mais non só, desde o 2003 o Fondo ten aberta unha liña permanente de traballo no nivel local galego por medio da súa área de sensibilización social, achegando e fomentando actividades de Sensibilización, que visibilicen os nosos esforzos no SUR, e que os aproveiten para abrir unha liña de reflexión sobre os nosos comportamentos no NORTE.

O 2009 non foi unha excepción, ao desenvolverse a segunda anualidade do plano *2008-2009: Construindo redes de*

*cooperación*, financiado polo Fondo e a Xunta de Galicia, por medio do cal as actividades do Fondo chegaron a miles de persoas de maneira descentralizada en máis de 40 Concellos galegos.

Deslizarémonos agora polos diferentes programas e actividades para dar conta deste noso eixo estratéxico de traballo:

### CURSOS DE FORMACIÓN: "COOPERACIÓN E EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO"

Para conseguirmos unha sociedade que pense desde perspectivas críticas os problemas do desenvolvemento precisamos dun mínimo de formación na materia, para posibilitar reflexións e actitudes que apoiem procesos de sensibilización social. Tamén para ir asentando un argumentario sólido que permita ás persoas das entidades socias explicar por que apoian a cooperación internacional e como o fan. Destas premisas naceu a decisión do Fondo de ofrecer unha oferta formativa a polític@s e técnic@s das entidades socias, ao considerarl@s o primeiro motor da nosa rede á hora de

proxectar ás súas cidadanías actividades e programas de sensibilización social.

Destá maneira, o luns 2 de marzo en Carral, o 27 de abril en Ourense e os luns 4 e 11 de maio, en Lugo e Salceda de Caselas, realizáronse as segundas partes do *Curso de Iniciación á cooperación internacional*, e *Educación para o Desenvolvemento*, para dar por concluída a formación que comezara nas primeiras partes destes cursos ofrecidos xa no 2008 pola consultora AID SOCIAL.

Os cursos contaron coa participación de 41 persoas das corporacións locais galegas, primando a participación técnica sobre a política. O pasar do tempo demostra que @s técnic@s que decidiron formarse e afondar na materia son @s que con maior facilidade se relacionan coa Secretaría Técnica do Fondo e con maior solvencia desenvolven o seu labor no ámbito do Fondo Galego.

### REDES MUNICIPALISTAS SOLIDARIAS

As Redes Municipalistas Solidarias (RMS) son o xermolo do traballo do Fondo na súa área de sensibilización, ao conec-

tar a Secretaría con todas as Entidades Socias, a fin de que nestas teñan claro de que materiais dispoñen en cada momento e que tipo de actividades poden desenvolver. Son, ademais, de extrema utilidade para que entre as Entidades Socias se poidan intercambiar experiencias e promover a extensión daquelas actividades, daquelas prácticas que se consideren máis afortunadas. Finalmente, son tamén un espazo no que se explica puntualmente o traballo da asociación no seu conxunto.

As liñas básicas de desenvolvemento das Redes nas dúas convocatorias desta anualidade foron:

### **RMS Primeiro Semestre**

Cómpre salientar que nas Áreas 1, 3, 4 e 5 participaron persoas da ONGD Amarante, que explicaron o programa de comercio xusto Bo Café, destinado ás entidades locais galegas e para cuxa promoción Amarante e o Fondo Galego asinaron un convenio en 2005. Durante

as RMS do segundo semestre Amarante participou tamén na Área 2.

### **RMS Segundo Semestre**

Tentáronse expor todas as posibilidades do Plan 2008-2009, para seren desenvolvidas con forza durante o segundo semestre. Na convocatoria de novembro, ademais de dar conta das actividades desenvolvidas, presentouse o borrador do futuro Plan de Sensibilización 2010-2011.

As RMS continúan a ser eixo estratéxico do traballo desde a Secretaría Técnica, ao permitírnos o recoñecemento persoal, a visibilización das redes humanas e organizativas que o Fondo implica. A participación consolídase e mellora respecto ao 2007. No entanto, varía significativamente segundo as zonas, sen conseguir, por agora, a participación que tan relevante actividade do Fondo merece a fin de atinxir un traballo sólido e permanente.

## **O FONDO DOCUMENTAL E OS VIDEOFORUMS**

Durante o 2008 o Fondo Galego sentou as bases do Fondo Documental coa compra de 150 libros (o BiblioFondo) e 61 filmes (o VídeoFondo). O Plano establecía que durante a biñualidade sería creado un Fondo Documental da cooperación municipalista galega que estivera dispoñible para as Entidades socias. A intención será agora que, a través destas, lle sexa tirado todo o rendemento posible. O Fondo Documental de todas as entidades socias, ben para consultas do seu persoal, ben para consultas doutras persoas ou entidades interesadas. A base de datos, dispoñible no web do Fondo Galego, podería e debería ser publicitada por cada entidade socia como un servizo propio.

**Podemos dicir que é un resultado conseguido, existe un Fondo Documental da Cooperación Municipalista Galega.**

#### **Redes Municipalistas Solidarias. Primeiro Semestre**

Áreas	1	2	3	4	5	6	7
Concello organizador	Covelo	Pontevedra	Ribeira	Arteixo	Narón	Lugo	Ourense
Datas	2 de xuño	29 maio	14 de maio	21 de maio	19 de maio	4 de maio	27 de abril
Indice de Participación	20,66%	38,30%	20,66%	28,50%	44,40%	40%	10,50%

#### **Redes Municipalistas Solidarias. Segundo Semestre**

Áreas	1	2	3	4	5	6	7
Concello organizador	Salceda de Caselas	Lalín	Porto do Son	Carballo	Neda	Burela	Pobra de Trives
Datas	17 de novembro	19 de novembro	20 de novembro	23 de novembro	25 de novembro	26 de novembro	30 de novembro
Indice de Participación	25%	7%	60%	33,30%	44,40%	13,30%	15%

E tamén podemos afirmar que a súa existencia obtivo xa rendementos directos nas entidades sociais ao seren realizados **VídeoForums co Vídeofondo** en 4 entidades sociais, e térense desenvolvido outras actividades:

- Valga (Axenda: 07/2009-08/2009)
- Outes (Axenda: 21/10/2009 a 01/11/2009)
- Nigrán (Axenda 2/10/09)
- Porriño (Axenda: 14-15/11/09)

Mentres tanto, diversas obras do Bibliofondo foron consultadas xa de maneira individual por diferentes técnic@s, o que incide no fortalecemento da rede humana da cooperación municipalista galega.

## VACACIÓNS CON TRABALLO 2009

O programa Vacacións con Traballo enfiou no 2009 a súa cuarta edición. O primeiro paso para a apertura da convocatoria de 2009, consistiu na edición e impresión de 600 publicacións referentes ás experiencias dos participantes de VcT en 2008.

Facendo coincidir a estrea da publicación, abriuse a convocatoria da anualidade en curso. Desta maneira, o prazo de inscrición mantívose aberto entre o 15 de febreiro e o 17 de abril, téndose recibido 13 solicitudes (case dobrando a anualidade anterior, que quedara en 7) para a participación no programa. Para a selección dos participantes valorouse tanto o CV como a carta de motivación que presentaron os diferentes solicitantes, que foron avaliados á luz das demandas das organizacións parceiras do SUR participantes.

**País e parceiro:** Cabo Verde, Asociación Nacional de Municipios Caboverdianos.

**Datas:** Do 1 ao 31 de outubro.

**Tarefas realizadas:** Asesoramento organizativo na Cámara de Brava. Elaboración dunha memoria de irmandamento entre a Illa de Brava e a Illa da Palma (Canarias) coa idea de abrir unha liña de traballo para un turismo sustentable na illa caboverdiana. Diagnóstico da rede de xardíns de infancia da Illa.



**Técnica enviada:**  
**Rosa Lage Canoura**  
Concello de Xove

**País e parceiro:** Cuba, Oficina do Conservador de Santiago de Cuba.

**Datas:** Do 27 de outubro ao 27 de novembro.

**Tarefas realizadas:** Monitorización dos proxectos financiados polo Fondo. Asesoramento en técnicas de rehabilitación. Charlas e conferencias de formación sobre novas técnicas de rehabilitación.

Débase destacar tamén que Jorge Duarte elaborou un blog desde o terreo,

<http://jorge-santiagoocuba.blogspot.com/>, que deu conta das diferentes actividades que desenvolveu en Cuba, servindo de xanela á súa estancia no país. Foi unha experiencia que contou cunha valoración moi positiva por parte da masa asociativa, de modo que será replicada en futuras edicións de Vacacións con Traballo.



**Técnico enviado:**  
**Jorge Duarte**  
Concello de Pontecesures

**País e parceiro:** Nicaragua, Instituto de Promoción Humana-Somoto.

**Datas:** Do 4 de novembro ao 5 de decembro.

**Tarefas realizadas:** Participación en obradoiros de capacitación. Monitorización dos proxectos do Fondo. Organización de eventos. Asesoramento en enfoque de xénero.



**Técnica enviada:**  
**Sara Pérez**  
Deputación de Lugo

**País e parceiro:** Perú, Tierra de Niños.

**Datas:** Do 1 de novembro ao 1 de decembro.

**Tarefas realizadas:** Obradoiros de capacitacións con nen@s e mulleres. Monitorizacións de proxectos. Elaboración de fichas de vida.



**Técnica enviada:**  
**Marta Richarte Carballo**  
Concello de Cangas

## V XORNADAS DA COOPERACIÓN GALEGA: COOPERAR EN TEMPOS DE CRISE

O día 27 de xuño realizáronse no Centro Cultural da Deputación de Ourense as V Xornadas Anuais de Cooperación, organizadas polo Fondo. Este ano, o contexto de crise económica e financeira levou a titularas “Cooperar en tempos de crise”. Era esta a idea central sobre a que situar o debate entre os diferentes axentes da cooperación galega que alí se deron cita. As Conclusións das xornadas foron as seguintes.

### CONCLUSIÓN

Dos debates que tiveron lugar durante a celebración das V Xornadas Anuais de Cooperación, celebradas baixo o lema “Cooperar en Tempos de Crise”, en Ourense, a 27 de xuño de 2009, despréndense as conclusións que se refiren a seguir:

**1.** O reflexo da cooperación nos medios de comunicación de masas é extraordinariamente limitado. Dun lado, isto débese a problemas internos relacionados coas prioridades noticiosas, construídas en base a intereses mercantís, e a precariedade e desmotivación laborais d@s xornalistas. Doutro lado, desde os axentes cooperantes non se ten integrado o traballo cos medios de masas dun modo decidido. Facelo requiriría un esforzo de especialización e quizá de profesionalización.

**2.** A conveniencia de facer un maior esforzo para atinxir máis eco nos medios de comunicación de masas resulta polémica no sector. Por unha banda, per-

miten chegar a unha boa parte da poboación. Mais, por outra, as mensaxes dos axentes da cooperación son habitualmente simplificadas, perdéndose partes valiosas de información.

**3.** Os recursos con que traballa o sector cooperante galego son exiguos e deben crecer. A crise non pode ser excusa para que as autoridades políticas de Galicia continúen a situárense tan extraordinariamente lonxe do 0,7%.

**5.** A escaseza de recursos achegados polos poderes públicos, a forte dependencia do sector en relación a eses recursos e a inestabilidade dos compromisos dos tales poderes, derivada dos ciclos electorais, configura un sistema débil e vulnerable. Faise necesario o compromiso cun Pacto Autonómico contra a Pobreza, que se constituía nun compromiso político de mínimos que garanta certa estabilidade.

**6.** A fragmentación, atomización e debilidade continúan a ser hoxe as notas características do sistema das ONGDs galegas, a pesar de térense producido certos avances. É preciso continuar a estimular a creación de espazos de traballo sinérxico e mesmo a fusión de organizacións.

**7.** O esforzo realizado desde a Xunta de Galicia por reverter a situación de debilidade que se referiu no punto anterior, a través de convocatorias específicas para o fortalecemento e consolidación das ONGD, ten incorrido, polo menos, en dous defectos que han de ser corrixidos: as axudas non se aplicaron de modo continuado e prolongado sobre as mesmas organizacións, de modo que o seu efecto foi inferior ao desexable; o

manexo dun concepto pouco preciso de ONGD por parte da Xunta levou a que parte dos recursos destinados a fortalecer estas entidades acabasen recalando noutro tipo de entidades. Imponse, en todo o caso, unha avaliación dos resultados desta liña de axudas, a fin de mellorar próximas convocatorias.

**8.** É preciso algún organismo especializado na investigación en cooperación ao desenvolvemento. Sería unha fonte de datos, de análises, que servirían para adoptar decisións máis informadas a todos os niveis.

**9.** A coordinación no norte resulta esencial para que a cooperación co sur poida ser de calidade e ter o maior impacto posible. Isto esixe un maior esforzo de aliñamento da cooperación galega coas prioridades definidas nos planos estatal e mundial (coordinación vertical), pero tamén un maior e mellor diálogo no nivel dos diferentes axentes cooperantes galegos, incluídos os diversos departamentos da Xunta de Galicia que realizan cooperación (coordinación horizontal).

**10.** A calidade da cooperación galega tamén depende de que as persoas que traballan nela conten coa mellor formación. Neste sentido, faise fundamental unha estreita colaboración entre as universidades galegas que mellore as actividades formativas. Tamén é preciso que as Universidades integren de modo máis firme a cooperación e educación para o desenvolvemento; isto pode pasar pola creación de vicerreitorías específicas.

**11.** Cómpre continuar a reducir os ámbitos xeográficos de traballo da cooperación galega, a fin de aumentar o seu impacto. Os países máis pobres e, entre



eles, os lusófonos, deberan ter maior protagonismo.

**12.** Resulta fundamental avaliar convenientemente o I Plano Director da Cooperación Galega 2006-2009 e comezar a traballar no próximo.

Santiago de Compostela,  
a 3 de xullo de 2009



## VISITAS AO SUR

As Visitas ao Sur constitúen un exercicio de control e transparencia de vital importancia. Sen esquecer a súa relevancia a efectos de estreitar lazos en relación aos parceiros do Sur, facilitando as xestións futuras, e o notable efecto de intensificación da sensibilidade e consciencia da realidade coa que traballamos naquelas persoas que se desprazan en representación do Fondo. Tamén, evidentemente, son de vital relevancia para o control e seguimento das nosas actuacións no SUR.

### Visita a Cuba

Entre o 26 de maio e o 4 de xuño de 2009 executouse unha **Visita á Oficina do Conservador de Santiago de**

**Cuba**, no mes de xuño, por unha delegación técnica e política: Alfredo Novoa, Presidente do Fondo; Xulio Ríos, Secretario do Fondo; Ánxel Viña, urbanista e director da Oficina de Planeamento SA; Juan Luís Dalda, profesor da UdC e especialista en urbanismo.

Nesta visita a Cuba perseguiu-se un triplo obxectivo: pechar formalmente o proceso de elaboración do “Plano Mestre para a revitalización da cidade histórica de Santiago de Cuba”; analizar o proxecto complementario en curso, de mellora da habitabilidade no centro histórico; avaliar o presente e futuro da cooperación co noso parceiro, tendo en conta que agora péchase unha etapa iniciada en 2001. Por outra banda, tratábase tamén de explorar a situación do proxecto de recuperación de casas familiares devastadas polos furacáns Gustav e Ike, en execución na provincia de Pinar del Río.

### Visita a Cabo Verde Seminario de Políticas de Xénero

Unha delegación técnica do Fondo Galego desprazouse ata Praia, capital de Cabo Verde, entre o 22 e o 28 de abril de 2009, para participar nun Seminario de Políticas de Xénero. A comisión foi de carácter técnico, e foi integrada por Enma Sánchez, do Concello de Arteixo; Susana Maceiras, da Deputación de Lugo; Esther Castro, da Secretaría Técnica do Fondo Galego; e Sagrario Liaño, da Deputación da Coruña.

A visita tivo como principal finalidade a participación no Seminario referido; actividade que formaba parte do proxecto “Apoio á implementación

de políticas locais de xénero”, executado polo Instituto Caboverdiano para a Igualdade e Equidade de Xénero, e apoiado polo Fondo Galego. Este proxecto tivera como principal resultado a elaboración de dous plans de igualdade e equidade de xénero, un para o municipio de Praia e outro para o de Paúl, que pretenden mudar as prácticas tradicionais con respecto ás relacións sociais construídas en función do xénero. Do traballo e as conclusións deste Seminario deuse conta nunha publicación específica, que poden consultar no web do Fondo Galego.

A viaxe servía tamén para fiscalizar os traballos realizados pola ONGD CITI-HABITAT no ámbito do proxecto de cooperación “Conexión á rede de abastecemento de Auga do barrio Ponte d’Auga-II Fase”, apoiado polo Fondo Galego conxuntamente coa Dirección Xeral de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia.

Finalmente, aproveitouse a visita ao país para contactar con actores clave no terreo, a fin de avanzar e preparar posibles alianzas e traballos futuros. Estas institucións foron: Asociación Nacional de Municipios de Cabo Verde, Cámara Municipal de Praia, Oficina Técnica da Axencia Española de Cooperación Internacional e a Dirección Xeral de Cooperación Internacional de Cabo Verde

### Visita a Cabo Verde Encontro de Avaliación

O 19 de setembro tivo lugar, na capital de Cabo Verde, en Praia, un Encontro de Avaliación do Plan de Acción 2005-2008. Nel participaba unha delegación

do Fondo Galego, integrada polo Presidente, Alfredo Novoa, dúas vocais da Comisión Executiva, María Méndez, do Concello de Vigo, e Ángeles Silva, do Concello de Baiona, e máis dous representantes, da Secretaría Técnica, Esther Cidre e Ánxelo González. Do lado caboverdiano, acudían membros da Asociación Nacional de Municipios Caboverdianos e representantes de 15 dos 22 Concellos do arquipélago africano.

O obxectivo fundamental era expor as desviacións sectoriais e xeográficas entre o que establecía o Plan de Acción e o traballo en realidade apoiado polo Fondo Galego entre 2005 e 2008 no país africano, a fin de contrastar opinións, detectar problemas e buscar posibles solucións. Deste modo, pretendíase recoller información cualitativa que complementase o Informe Preliminar de Avaliación 2005-2008, elaborado a partir da información acumulada pola Secretaría Técnica durante ese período. Estes dous documentos haberían de servir de base para o establecemento da futura estratexia a seguir en Cabo Verde, no caso de se decidir continuar a traballar neste país. En reunión celebrada o pasado 9 de outubro, a Comisión Executiva acordaba, en todo caso, que o futuro do Fondo Galego no arquipélago dependerá das prioridades xeográficas que veña a establecer o novo Plan Director da Cooperación Galega 2010-2013, actualmente en elaboración.

### Visita a Perú

Do 15 ao 26 de novembro visitouse Perú co obxectivo principal de asegurar a calidade e a execución eficaz e eficiente das iniciativas que o Fondo

Galego está a apoiar e desenvolver cos seus parceiros na actualidade no país. En concreto foron visitados dous proxectos:

1. “Xestión do desenvolvemento sustentable en municipios rurais andinos” que se está a executar co Centro de Promoción do Desenvolvemento e a Educación – CEPRODE

2. “Deseño, execución, implementación e capacitación de actores educativos, construción dunha aula e servizos hixiénicos para nenas e nenos de educación inicial 4 anos”, en parcería con Tierra de Niñ@s

Os mecanismos de seguemento e monitorio que se levaron a cabo durante esta visita foron, dunha maneira específica, os seguintes:

- Reunións de traballo cos equipos responsables dos proxectos, a fin de coñecer o seu traballo e experiencia no país.
- Avaliación, coa participación de representantes das comunidades coas que se está a traballar, do impacto e resultado dos proxectos.
- Percorrido pola zona obxecto da colaboración, con visitas a diferentes beneficiarios/as.

Avaliación global e indicación das principais urxencias para culminar os proxectos en tempo e forma.

Esta visita serviu así para consolidar os lazos cos nosos diferentes parceiros en Perú, ao tempo que para medir os impactos dos nosos proxectos, que consideramos ben executados e de notable impacto social.

## VISITAS AO NORTE

As Visitas ao Norte son actividades imprescindibles no traballo do Fondo Galego xa que serven para visibilizar diante da sociedade galega os proxectos que financiamos e apoiamos no Sur. As Visitas achegan delegacións dos nosos parceiros no Sur ás institucións locais sociais do Fondo, a quen trasladan de primeira man os traballos pasados e en curso que contan con apoio do Fondo Galego. Tamén serven para realizar actividades de sensibilización dirixidas á cidadanía xeral, como charlas ou conferencias; sen esquecer a participación en actividades dos cursos especializados en cooperación que se desenvolven nas institucións de ensino superior galegas.

Este ano tiveron lugar catro Visitas:

En xuño de 2009 visitou Galicia unha Delegación do noso parceiro peruano, **Tierra de Niños**, que pasou polos Concellos de Cangas, O Porriño, A Guarda, Santiago de Compostela, Monforte de Lemos, Lugo, Mondoñedo, Valadouro, A Coruña, Pontevedra e a Deputación de Lugo.

En outubro, o noso parceiro nicaraguaño, **INPRHU-Somoto**, visitou Santiago de Compostela, Allariz, Nigrán, Ferrol, Baiona e Pontevedra. O longo desta visita realizáronse diferentes actividades coa ONGD Paz e Desenvolvemento, parceiro en Galicia do INPRHU-somoto. Ese mesmo mes fomos tamén visitados por representantes das Cámaras caboverdianas de Praia (capital) e Paúl, que viñeron a presentar os Plans de Igualdade e Equidade de Xénero financiados polo Fondo, pasando por Vilagarcía, Burela, Culleredo, Deputación da Coruña e Deputación de Lugo.



Finalmente, a

### **Directora de Proxectos da UN-**

**RWACE**, Carmen Quintana, visitou o país para dar conta dos esforzos de emerxencia do Fondo nos territorios palestinos, visitando Ferrol, Vilagarcía e A Coruña, que sumaron esforzos financeiros específicos ao diñeiro recadado a través da Conta de Emerxencia do Fondo Galego.

## **TEATRACCIÓN: OS SOÑOS DE WALLA**

No 2008 a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESAD) e o Fondo asinaron un convenio bianual, financiado pola Xunta de Galicia, para desenvolver o primeiro programa TeatrAcción, que tiña fundamentalmente dous obxectivos: a sistematización dun espazo permanente de traballo na ESAD que vinculase o teatro á acción social polo desenvolvemento; e doutra, implicaba un programa de formación dentro do grupo para a conformación dun espectáculo teatral de creación colectiva que fose a ser representado en dez entidades socias.

Durante o 2008 e o primeiro trimestre do 2009 realizáronse 4 obradoiros formativos na ESAD, impartidos por persoal do Fondo Galego, transmitindo unhas nocións básicas sobre cooperación,

sensibilización e dando a coñecer as claves da cooperación municipalista galega entre os 36 participantes do grupo TeatrAcción. Unha vez finalizado o guión e establecidas as necesidades de escenografía, vestuario, música, iluminación, movemento... a montaxe da obra preparouse durante os meses de agosto, setembro, outubro e novembro, producíndose a estrea o 13 de novembro en Vigo, no Auditorio CaixaNova.

### **A Xira de Os Soños de Walla**

- Vigo, Venres 13 de Novembro. Auditorio CaixaNova.
- Sarria, Sábado 21 de Novembro. Casa da Cultura de Sarria.
- Allariz, Venres 27 de Novembro, Casa da Cultura. 9884408 59 (Carmen Vidal)
- Viveiro, Sábado 12 de Decembro, Auditorio Municipal.
- O Barco De Valdeorras, Sábado 19 de decembro, Casa da Cultura.
- Ourense, Domingo 20 de decembro. Auditorio Municipal.
- Ribeira, Venres 15 de xaneiro. Auditorio Municipal.
- Oleiros, Sábado 16 de Xaneiro. Auditorio Gabriel García Márquez.
- Outes, Sábado 23 de Xaneiro. Casa da Cultura.
- Baiona, Sábado 30 de Xaneiro. Auditorio Municipal.

A primeira edición do programa TeatrAcción representaba un reto e un paso adiante nas nosas actividades de sensibilización: era un programa de traballo ambicioso cunha xira esixente. Os soños

de Walla foi visto por perto de 2.000 persoas, confirmándose como unha das máis atractivas apostas do Fondo en canto á sensibilización cidadán e proxección pública. Toda a xira puido seguirse por medio do blog [www.teatraccion.blogaliza.org](http://www.teatraccion.blogaliza.org).

Trala finalización da Xira, e a pesar das dificultades de todo o que comeza, a alegría das diferentes partes ante o suceso do programa augura futuras edicións.

## **EXPOSICIÓNS: A PAZ CUESTIÓN DE FONDO E OS OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO DO MILENIO**

O Fondo conta desde o 2005 e o 2006, respectivamente, con exposicións itinerantes (facilmente transportables) baixo o título A Paz Cuestión de Fondo e Os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio. Durante o 2008 elaborouse unha Unidade Didáctica con base na Exposición de A Paz Cuestión de Fondo, coa que se deu un novo pulo á súa circulación, estimulando o desenvolvemento de actividades pedagóxicas paralelas. A Paz Cuestión de Fondo foi, así, exhibida nos Concellos de:





- Vigo (Axenda: 6/2/2009)
- Caldas de Reis (Axenda: 15/7/2009)
- Boiro (Axenda: 17/10/2009)
- A Coruña. A Exposición na Coruña foi rotando por 7 centros educativos da cidade, onde profesores e alumnos traballaron cos materiais didácticos postos a disposición polo Fondo durante o 2008. A Exposición circulou pola Coruña por perto de dous meses, sendo vista e traballada por máis de 500 alumn@s. Dita experiencia foi exposta como un modelo de boas prácticas durante as reunións da Rede Municipalista Solidaria do segundo semestre de 2009. Parabéns a Antón, o técnico do Fondo no Concello, polo impulso de tan formidable iniciativa!
- Lousame (Axenda: 15/12/2009)

NOTA: De todas as actividades de sensibilización do Fondo Galego existe abundante documentación e información, que pode ser consultada, previo requerimento á Secretaría Técnica, por quen teña interese.

Ao tempo, durante o 2009 traballamos para a elaboración dos materiais didácticos que acompañan xa a Exposición sobre Os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio. Desta maneira, e contando coa colaboración de MedicosMundi, A Campaña do Milenio das Nacións Unidas, a Coordinadora Galega de ONGDS, e Paz e Desenvolvemento, elaboramos un CD de recursos educativos en galego, que conta tanto con recursos textuais como de vídeo, que foron traducidos, lexendados e dobrados por medio de voluntari@s. O CD-Rom pode ser empregado tanto para o traballo dentro da aula como para a divulgación xeral dos ODM, e sempre coa posibilidade de reforzar a exposición itinerante do Fondo.

## 4

# PUBLICACIONES DO FONDO GALEGO 2009



## O WEB DO FONDO GALEGO

O web do Fondo Galego está dispoñible desde o 2008, nel dáse conta da vida diaria do Fondo. Destaca a Axenda do web, que dá conta puntual das actividades da asociación, tamén a posibilidade de dispor dos materiais publicados en formato dixital, relatorios e axendas de Visitas ao Norte e ao Sur, convenios, fichas dos proxectos... e moito máis.

Como novidade, desde o segundo semestre do ano aparece na páxina principal unha galería fotográfica móbil, que quere achegar aínda máis a vida diaria do Fondo Galego. Para que funcione como é debido, todas e todos debemos contribuír, deixando constancia fotográfica daquelas actividades do Fondo Galego que organizamos nos nosos ámbitos territoriais, e enviándoas á Secretaría Técnica para que poidan aparecer no web.

Este ano tamén se incorporaron dous blogs á páxina principal, os referidos á estancia de Jorge Duarte en Cuba, no marco do programa Vacacións con Traballo, e ao grupo de traballo teaTracción e o desenvolvemento da Xira.

The screenshot shows the website interface for 'fondo galego de cooperación e solidariedade'. It features a top navigation bar with 'EMERGENCIA' and 'Axenda / Exposicións / Novas'. The main content area includes sections for 'Informe a Fondo nº 112', 'Novas do Fondo Galego', 'Servizo de Consultacións do Fondo Galego', and 'As exposicións do Fondo Galego'. A sidebar on the right contains 'VACACIONES CON TRABAJO' and 'ESTUDIOS'.

## MEMORIA ANUAL 2008

Durante o primeiro trimestre do ano elaborouse a Memoria anual de 2008. Editáronse 1.000 exemplares, que foron distribuídos entre as entidades socias, ONGDs e nos diversos eventos solidarios organizados polos Concellos socios. Está dispoñible na páxina web do Fondo Galego.



## CADERNO VACACIÓNS CON TRABALLO 2009

Como xa é tradición, a convocatoria de Vacacións con Traballo ábrease coa publicación das experiencias dos participantes do ano anterior nos cadernos de Experiencias Solidarias, que dan conta das vivencias e do traballo realizado polos participantes da edición de 2008 do programa. Realizouse unha tiraxe de 600 exemplares.

## NO FONDO FUNCIONA A SOLIDARIEDADE

Fíxose unha tiraxe de 600 exemplares deste breve folleto explicativo sobre o Fondo Galego, que constitúe unha sintética carta de presentación da asociación. Inclúe a explicación detallada do proceso de cálculo das cotas.

## INFORME SOBRE A COOPERACIÓN MUNICIPALISTA. O INFORME ZERO.

O Informe Zero sobre a Cooperación Municipalista en Galicia foi presentado en Santiago de Compostela, no Clube Internacional de Prensa, o 23 de marzo de 2009, coa participación de Xulio Ríos Paredes (Secretario do Fondo Galego) e Alfredo Novoa (Presidente do Fondo Galego).

Constitúe unha completa radiografía dos trazos característicos da cooperación descentralizada local galega. O Informe é un primeiro paso para coñecermos mellor o que somos.

Foi realizada unha tiraxe de 1.000 exemplares, distribuída entre as Entidades sociais, ONGDs, e en diferentes feiras organizadas polos Concellos que fan parte do Fondo. O Informe Zero tamén está dispoñible na páxina web do Fondo Galego.





## INFÓRMATE A FONDO

O Infórmate a Fondo (IAF) é o boletín do Fondo Galego desde 1999, o que leva a contarmos xa con 111 números desde a súa primeira aparición.

Ao longo do 2009 editáronse seis números, con tiraxes de 600 exemplares, que foron distribuídos ás entidades socias, ONGDs, e en diversos eventos locais. Todos os números do IAF están dispoñibles na páxina web do Fondo Galego.

O Boletín continúa a ser imprimido en papel reciclado, nunha decisión con sentido para achegar os medios aos fins, e que está a ser a liña a seguir en canto á edición de materiais.



## SEMINARIO DE POLÍTICAS LOCAIS DE XÉNERO EN CABO VERDE

Con esta publicación quíxose achegar o contido dos debates que se deron durante o Seminario de Políticas Locais de Xénero, que tivo lugar en Praia, capital de Cabo Verde, entre os días 23 e 24 de abril do ano 2009.

Neste pequeno libro quedan recollidos os sempre valiosos testemuños en primeira persoa das participantes do Seminario. Mulleres comprometidas e coñecedoras da importancia do establecemento de condicións e estruturas para a implementación da perspectiva de xénero nas políticas locais, de cara a xerar unha nova visión que evite a discriminación por causa do sexo a fin de alcanzar un desenvolvemento integral.

Trátase así de achegármonos á realidade das políticas de xénero en Galicia e Cabo Verde e das accións que se emprenden nun e outro país a fin de atinxírense mudanzas substantivas, no ánimo de que este exercicio de intercambio de coñecementos resulte útil no camiño cara ao pleno respecto dos dereitos fundamentais das mulleres. A publicación vén acompañada dun cd-rom, onde se inclúen os Plan de Igualdade e Equidade de Xénero das cámaras de Praia e Paul, desenvolvidos co apoio do Fondo Galego, e dúas entrevistas en vídeo a Glória da Silva e Vera Almeida, concelleira de acción social e alcaldesa respectivamente. A publicación foi distribuída entre as entidades socias.





## 5

## BALANCE



INGRESOS	
<b>Cotas de afiliados (721)</b>	<b>191.691,99 €</b>
Cotas de socios (*)	191.691,99 €
<b>Subvencións para Cooperación Directa (725)</b>	<b>601.167,00 €</b>
Subv. PCD/SIRIA/CVS/2009	200.000,00 €
Subv. PCD/CUBA/DXCE/2009	90.192,00 €
Subv. PCD/CV1/DXCECU/2009	28.487,00 €
Subv. PCD/PERU1/DXCECU/2009	54.006,00 €
Subv. PCD/PERU2/DXCECU/2009	45.811,00 €
Subv. PCD/CV2/DXCECU/2009	46.661,00 €
Subv. PCD/CV/VIGO/2009	70.000,00 €
Subv. PCD/MOZ/DXCECU/2009	10.000,00 €
Subv. PLAN SENSIBILIZACIÓN	56.010,00 €
<b>Donacións e Legados afectos a actividade propia do FONDO (726)</b>	<b>31.371,46 €</b>
Aportacións de particulares a Emerxencias - GAZA	30.386,00 €
Compensación de gastos de desprazamentos	975,46 €
Aportacións, donativos	10,00 €
<b>Ingresos financeiros (769)</b>	<b>17,95 €</b>
Xuros Ctas. bancarias	17,95 €
(*) Cálculo das cotas dos socios que non están realmente ingresadas na súa totalidade	
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>824.248,40 €</b>



<b>GASTOS</b>	
<b>Traballos realizados por outras entidades (607)</b>	<b>43.960,00 €</b>
Gastos de administración e secretaría do FONDO	61.555,19 €
Outros servizos	3.960,00 €
<b>Servizos profesionais independentes (623)</b>	<b>10.413,50 €</b>
Asesoría	1.827,88 €
Outros profesionais	8.585,62 €
<b>Servizos bancarios e similares (626)</b>	<b>2.354,54 €</b>
Comisións cobro recibos, mantemento e administración	2.354,54 €
<b>Outros gastos (629)</b>	<b>105.096,67 €</b>
Aportacións á confederación de fondos	4.468,67 €
Gastos de materiais	3.268,95 €
Gastos trópticos e impresións	13.682,57 €
Gastos de sensibilización (Persoal e outros)	39.327,24 €
Gastos de desprazamentos	36.150,61 €
Gastos correos e mensaxería	1.268,73 €
Outros gastos	4.511,44 €
Gastos seminarios	2.418,46 €
<b>Impostos (63_)</b>	<b>2,89 €</b>
Impostos	2,89 €
<b>Axudas monetarias a proxectos e entidades (651)</b>	<b>698.151,22 €</b>
Prox. UNRWA - Siria 09	185.000,00 €
Prox. Oficina Conservador - Cuba 09	87.588,00 €
Prox. Arquitectos Sen Fronteiras - Mozambique 09	49.954,50 €
Prox. Implicad@s no Desenvolvemento - Etiopia 09	26.372,00 €
Prox. Paz e Desenvolvemento - Nicaragua 09	50.000,00 €
Prox. Solidariedade Galega - Nicaragua 09	24.000,00 €
Prox. C.M. de Maio - CV 09	26.284,97 €
Prox. CEPRODE - Perú 09	50.000,00 €
Prox. Tierra de Niñ@s - Perú 09	46.068,94 €
Prox. C.M. de Paul - CV 09	42.839,20 €
Prox. C.M. de San Filipe - CV 09	73.568,61 €
Prox. UNRWA - Gaza 09	29.475,00 €
Prox. Rural Consulting - Mozambique 09	3.500,00 €
<b>Gastos excepcionais (678)</b>	<b>310,00 €</b>
Gastos excepcionais	310,00 €
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>878.344,01 €</b>

**Saldo Negativo 2009****54.095,61 €**

## 6

## AXENDA 2009



- 14/12 a 07/01/2010 En Lousame. **Exposición de A Paz cuestión de Fondo.**
- 18/12/2009 En Barcelona. Reunión de xerentes da Confederación de Fondos de Cooperación e Solidaridade.
- 19/12/2009 No Barco de Valdeorras. Casa da Cultura. **TeatrAcción.**
- 20/12/2009 En Ourense. Auditorio Municipal. **TeatrAcción.**
- 23/12/2009 En Santiago de Compostela. **Reunión da Secretaría Técnica cos participantes de Vacacións con Traballo.**
- 29/12/2009 En Santiago de Compostela. **Reunión Subdirección Xeral de Cooperación Exterior – Fondo Galego.**
- 08/01/2010 En Santiago de Compostela. **Comisión Executiva.**
- 15/01/2010 En Ribeira. Auditorio Municipal. **TeatrAcción.**
- 16/01/2010 En Oleiros. Auditorio Gabriel García Márquez. **TeatrAcción.**
- 23/01/2010 En Outes. Casa da Cultura. **TeatrAcción.**
- 30/01/2010 En Baiona. Auditorio Municipal V Centenario. **TeatrAcción.**
- 15/12/2009 En Ourense. **Rolda de prensa de presentación de Os sonhos de Walla.**
- 12/12/2009 En Viveiro. Auditorio Municipal. **TeatrAcción.**
- 26/10 a 12/12/2009 Na Coruña. **Exposición A Paz Cuestión de Fondo**, que rotará por diferentes centros educativos da cidade acompañada da Unidade Didáctica do mesmo título.
- 09/12/2009 En Baiona. **Reunión Secretaría Técnica – Rural Consulting.** Identificación Programa de Acción Mozambique.
- 09/12/2009 En Vigo. **Reunión Secretaría Técnica – Manuel Vieites, director da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.**
- 21/10 a 01/12/2009 En Outes. **VideoForum** solidario co VideoFondo na Casa da Cultura.
- 30/11/2009 Ás 11:00 na Poboia de Trives. **Rede Municipalista Solidaria.** Na Casa do Concello, Salón de plenos Paseo de San Roque nº 4 .-32780
- 27/11/2009 En Santiago de Compostela (FEGAMP). **Comisión Executiva do Fondo Galego.**

- 27/11/2009 En Allariz. Casa da Cultura. **TeatrAcción**.
- 15-26/11/2009 En Perú. **Visita Secretaría Técnica Fondo Galego** para o seguemento dos proxectos: "Xestión do desenvolvemento sostible en municipios rurais andinos" implementándose en parcería con CEPRODE e "Construción de módulo educativo integral: aula para nen@s de 4 anos, servizos hixiénicos incorporados, patio central e muro de contención na I.E.I. Nº6080 – Rosa de América" executándose en parcería con Tierra de Niñ@s.
- 26/11/2009 En Outes. **Reunión Fondo Galego – Concello de Foz**.
- 26/11/2009 Ás 11:00 en Burela. **Rede Municipalista Solidaria**. na Casa do Concello, Rúa de Eijo Garay S/N.
- 25/11/2009 Ás 11:00 en Neda. **Rede Municipalista Solidaria**. Na Casa do Concello. Avenida Algeciras 34.
- 23/11/2009 Ás 10:30 en Carballo. **Rede Municipalista Solidaria**. No Pazo da Cultura. Rúa do Pan, s/n.
- 23/11/2009 En Cambre. **Reunión Secretaría Técnica e responsables do Fondo Galego no Concello de Cambre**
- 21/11/2009 En Sarria. Casa da Cultura. **TeatrAcción**.
- 20/11/2009 Ás 10:30 no Porto do Son. **Rede Municipalista Solidaria**. No Centro de interpretación Castro de Baroña Fernando Fariña, s/nº.
- 20/11/2009 En Santiago de Compostela. **Sinatura de convenios Fondo Galego – Xunta de Galicia**, para proxectos de cooperación no Perú e Cabo Verde.
- 19/11/2009 Ás 10:00 en Lalín. **Rede Municipalista Solidaria**. Na Casa do Concello, Sala de Xuntas, Praza do Concello, nº1.
- 18/11/2009 En Vilalba. **Reunión Fondo Galego – Concello de Vilalba**.
- 18/11/2009 Na Laracha. **Reunión Fondo Galego – Concello da Laracha**.
- 17/11/2009 Ás 10:30 en Salceda de Caselas. **Rede Municipalista Solidaria**. Na Casa do Concello, Praza do Concello s/nº.
- 17/11/2009 En Tui. **Reunión Fondo Galego – Concello de Tui**.
- 14-15/11/2009 No Porriño, proxeccións co **VideoFondo no marco da FeiraViva**, mostra de produtos ecolóxicos e naturais.
- 13/11/2009 En Ribadeo. **Reunión Fondo Galego – Concello de Ribadeo**
- 13/11/2009 En Vigo. Estrea do programa **TeatrAcción**. Auditorio CaixaNova.
- 12/11/2009 En Vigo. Rolda de prensa de presentación do programa **teatrAcción**.
- 09/11/2009 En Muros. **Reunión Fondo Galego – Concello de Muros**.
- 04/11/2009 A Cañiza. **Reunión da Secretaría Técnica do Fondo Galego-Rural Consulting**, enmarcada na **Identificación e Programa estratéxico en Mozambique (2010-2015)**.
- 28/10/2009 En Santiago. **Participación da Secretaría Técnica no curso AMARANTE-EGAP** sobre Compra pública responsable e posterior reunión informativa.
- 17-26/10/2009 En Boiro. Exposición **A Paz Cuestión de Fondo**.
- 26/10/2009 En Baiona. Reunión da **Secretaría Técnica do Fondo Galego con Marta Richarte**, do Programa Vacacións con Traballo, con destino Perú, Tierra de Niños.



- 23/10/2009 En Santiago. Reunión da **Secretaría Técnica do Fondo Galego con Sara Pérez**, do Programa Vacacións con Traballo, con destino Nicaragua, INPRHU-Somoto.
- 20/10/2009 En Vigo. Reunión da **Secretaría Técnica do Fondo Galego coa ESAD** de Galicia, programa **TeatrAcción**.
- 17-20/10/2009 **Visita a Galicia de Carmen Quintana, Directora de proxectos da UNRWACE**, para presentar os vínculos entre a Axencia de Refuxiados de Nacións Unidas en Palestina e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.
- 16/10/2009 En Santiago de Compostela. Organizado pola Coordinadora Galega de ONGD's, **Galicia cara ao Pacto Galego contra a Pobreza**, con representación da Secretaría Técnica do Fondo Galego.
- 13-17/10/2009 Visita de representantes dos Concellos de Praia e Paúl (Cabo Verde), co fin de presentar os **Plans Municipais para a Igualdade e Equidade de Xénero**, resultado dun proxecto que contou con apoio do Fondo Galego.
- 10/10/2009 **Feira solidaria en Sada**, Concello asociado ao Fondo Galego.
- 09/10/2009 En Santiago de Compostela (FEGAMP). **Comisión Executiva do Fondo Galego**.
- 09/10/2009 En Santiago de Compostela (FEGAMP). **Reunión Subdirección Xeral de Cooperación Exterior – Fondo Galego**.
- 05-10/10/2009 Visita dunha delegación da **ONGD INPRHU** (Nicaragua).
- 05/10/2009 En Santiago de Compostela. **Reunión da Secretaría Técnica do Fondo Galego con Paz e Desenvolvemento**.
- 05/10/2009 En Santiago de Compostela. **Reunión Fondo Galego – CORDES (Asociación para a Cooperación e o Desenvolvemento Comunal do Salvador)**.
- 02/10/2009 En Nigrán. Proxección de "Persépolis", do VideoFondo.
- 25/09/2009 En Santiago de Compostela. **Xuntanza da Secretaría Técnica con Rosa Lage** (Vacacións con Traballo en Cabo Verde).
- 23/09/2009 En Santiago de Compostela. **Comisión Executiva do Fondo Galego**.
- 22/09/2009 En Vigo (Casa do Concello). **Sinatura de convenio entre Concello de Vigo – Fondo Galego**.
- 21/09/2009 En Santiago de Compostela. **Reunión Fondo Galego – Rural Consulting**.
- 18/09/2009 Encontro de Avaliación do Plan de Acción de Cabo Verde. Praia, Cabo Verde.
- 11/09/2009 En Santiago de Compostela. **Comisión Executiva do Fondo Galego**.
- 09/09/2009 En Baiona. **Reunión da Secretaría Técnica do Fondo Galego-Rural Consulting**, enmarcada na **Identificación e Programa estratéxico en Mozambique (2010-2015)**.
- 08/09/2009 En Vigo. Organizado polo Concello de Vigo **Día Internacional do Cooperante**.
- 03/09/2009 En Vigo. **Reunión Fondo Galego-ESAD de Galicia enmarcada no programa TeatrAcción**.
- 02-05/09/2009 En Palmela (Portugal). **Participación do Presidente do Fondo Galego, Alfredo Novoa, en Xornadas de convivio e intercambio con axentes cooperantes de Portugal e os PALOP**.
- 07/2009-08/2009 **VideoForum co VideoFondo** en Valga.

- 30/08/2009** Na **Feira Solidaria organizada polo Concello de Ferrol**. Recollida a cargo de Angeles Silva (Tesoureira do Fondo Galego) do cheque simbólico por 10000 euros para o **Proxecto de Emerxencia en Gaza**(Palestina).
- 28/07/2009** En Santiago de Compostela. **Reunión da Comisión Interterritorial de Cooperación para o desenvolvemento** (CINTERCODE).
- 28/07/2009** En Santiago. **Reunión do Consello Galego de Cooperación ao Desenvolvemento**.
- 1-15/07/2009** Exposición: **A Paz Cuestión de Fondo**, Caldas de Reis, no Auditorio Municipal.
- 13/07/2009** En Santiago de Compostela. **Reunión Fondo Galego – Subdirección Xeral de Cooperación Exterior**.
- 07/07/2009** **Reunión Secretaría Técnica Fondo Galego – Implicadas/os no Desenvolvemento**.
- 06/07/2009** **Reunión Secretaría Técnica Fondo Galego** – Arquitectos Sen Fronteiras. Baiona, Sede Secretaría Técnica do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Baiona, Sede Secretaría Técnica do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.
- 06/07/2009** **Reunión Secretaría Técnica Fondo Galego** – Solidariedade Galega. Baiona, Sede Secretaría Técnica do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.
- 06/07/2009** En Santiago de Compostela. **Comisión Executiva do Fondo Galego**.
- 05/07/2009** Baiona, **Sede Secretaría Técnica do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade**.
- 05/07/2009** **Reunión Secretaría Técnica Fondo Galego** – Asociación pola Paz e o Desenvolvemento. Baiona, Sede Secretaría Técnica do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.
- 27/06/2009** En Ourense (Centro Cultural da Deputación de Ourense, r/ Progreso, 30). **V Xornadas Anuais de Cooperación: cooperar en tempos de crise**.
- 26/06/2009** En Santiago. **Asemblea xeral de socios do Fondo Galego**.
- 18/06/2009** En Baiona. **Reunión** da Secretaría Técnica do Fondo Galego coa Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESAD), na sede do IGADI, para falar do programa de sensibilización **Teatracción**.
- 09/06/2009** En León. **Xornada de Intercambio de Experiencias con outros Fondos de cooperación**, coa participación de *Pilar Gallego*, da Comisión Executiva.
- 08/06/2009** En Santiago. **Comisión Executiva do Fondo Galego**.
- 05/06/2009** En Vigo. **Reunión na ESAD sobre o proxecto Teatracción**.
- 05/06/2009** En Barcelona. **Comisións de Traballo da Confederación de Fondos**.
- 02/06/2009** En Covelo (Reitoral de Santa Mariña s/n). **Xuntanza da Rede Municipalista Solidaria**, ás 11h.
- 29/05/2009** En Pontevedra (Sala de Plenos do Concello de Pontevedra, Praza de España s/n). **Xuntanza da Rede Municipalista Solidaria**, ás 10h.
- 26/05/2009** **Misión do Fondo Galego a Santiago de Cuba**.  
a **04/06/2009**
- 25-29/05/2009** Visita a Galicia dun grupo de traballo de **Tierra de Niños** (Perú)
- 22/05/2009** En Baiona. **Comisión Avaliadora de Proxectos**.
- 21/05/2009** En Arteixo (Centro de Servizos Sociais, Rúa Ría de Noia 2). **Xuntanza da Rede Municipalista Solidaria**, ás 11:30h.

- 19/05/2009 En Narón (Sala da Alcaldía do Concello, Praza de Galicia s/n). **Xuntanza da Rede Municipalista Solidaria**, ás 12h.
- 19/05/2009 En Madrid. **2ª Reunión da Xunta de presidentes dos Fondos de Cooperación.**
- 14/05/2009 En Ribeira (Salón de actos do Concello, Praza do Concello s/n). **Xuntanza da Rede Municipalista Solidaria**, ás 11h.
- 11/05/2009 En Salceda de Caselas (Auditorio Municipal, Praza do Concello). **Cursos Cooperación Internacional II e Educación para o Desenvolvemento II.**
- 08/05/2009 En Santiago. **Comisión Executiva do Fondo Galego.**
- 07/05/2009 En Coruña. Presentación de manifesto e bando municipal con motivo do **Día Internacional do Comercio Xusto**. Participarán: **Alfredo Novoa, Ermitas Valencia e Yolanda Castaño.**
- 04/05/2009 En Lugo (Centro social municipal Uxío Novoneyra, Rúa Quiroga Ballesteros). **Cursos Cooperación Internacional II e Educación para o Desenvolvemento II.**
- 04/05/2009 En Lugo ( Centro social municipal Uxío Novoneyra, Rúa Quiroga Ballesteros). **Xuntanza da Rede Municipalista Solidaria**, ás 9:00 h.
- 27/04/2009 En Ourense (Centro Cultural da Deputación de Ourense, r/ Progreso, 30). **Cursos Cooperación Internacional II e Educación para o Desenvolvemento II.**
- 27/04/2009 En Ourense (Centro Cultural da Deputación de Ourense, r/ Progreso, 30). **Xuntanza da Rede Municipalista Solidaria**, ás 9:00 h.
- 23/04/2009 En Viana do Castelo. **Curso de "Cooperación, cidadanía e desenvolvemento"**. Participa: Alfredo Novoa.
- 23-24/04/2009 En Praia (Cabo Verde). **Jornadas de Partilha sobre políticas locais com uma perspectiva de género.**
- 25/04/2009 En Ourense. **Curso práctico de Cooperación ao Desenvolvemento e Medio Ambiente, coa participación de Pilar Gallego.**
- 16/04/2009 En Madrid. **Unidade Técnica do Programa Municipia (AECID) - Fondos de Cooperación.**
- 14/04/2009 En Santiago. **Comisión Executiva do Fondo Galego.**
- 27/03/2009 En Santiago. **Asemblea xeral de socios do Fondo Galego.**
- 18/03/2009 En Santiago de Compostela. Reunión da **Comisión de Artellamento e Promoción do Sector do Comercio Xusto en Galicia.**
- 09/03/2009 En Santiago. **Comisión Executiva do Fondo Galego.**
- 06/03/2009 En Sevilla. **Asemblea Confederación de Fondos.**
- 05/03/2009 En Vigo. **Curso de cooperación e desenvolvemento**, na ESAD (Escola Superior de Arte Dramática), a cargo de Moncho Iglesias Míguez.
- 02/03/2009 En Carral (Edificio social "Toñito Espiñeira", R. Manuel Jesús Méndez Búa -preto do Concello-). **Cursos Cooperación Internacional II e Educación para o Desenvolvemento II.**
- 17/02/2009 En Santiago. **Encontro co presidente da Xunta de Galicia**, Emilio Pérez Touriño. Participa: **Alfredo Novoa**, presidente do Fondo Galego.
- 11/02/2009 En Santiago. **Comisión de Comercio Xusto.**



- 06/02/2009 En Madrid. **Fondos - AECID:** Programa Municipia.
- 06/02/2009 En Santiago. **Consello Municipalista da Cooperación.**
- 06/02/2009 En Santiago. **Comisión de Cidades e Deputacións.**
- 06/02/2009 En Santiago. **Comisión Executiva do Fondo Galego.**
- 06/02/2009 27 de xaneiro a 6 de febreiro en Vigo. **Exposición A Paz Cuestión de Fondo**, no colexio Alba.
- 04/02/2009 En Santiago. **Axencia Humanitaria de Galicia - Fondo Galego.**
- 30/01/2009 En Gondomar. **Charla sobre a Paz** realizada por **Moncho Iglesias Míguez**, no colexio Souto Donas, ás 9:00 horas.
- 30/01/2009 En Vigo. Entrega do **Premio de Poesía sobre a Paz**, coa participación de **Moncho Iglesias Míguez**, no colexio Alba, ás 12:00 horas.
- 28/01/2009 En Baiona. **Amarante - Fondo Galego:** Comercio Xusto.
- 21/01/2009 En Vigo. Presentación en rolda de prensa do proxecto "**Teatro con Fondo**". Coa participación de **María Méndez, Alfredo Novoa** e **Manuel F. Vieites**.
- 09/01/2009 En Santiago. **Comisión Executiva do Fondo Galego.**
- 09/01/2009 En Santiago. **Comisión Técnica do COCIDE** (Comisión de Cidades e Deputacións).
- 26/12/2008 En Santiago. **Consellería de Vivenda e Solo - Fondo Galego.**
- 16/12/2008 En Santiago. **Intered - Fondo Galego.**
- 12/12/2008 En Santiago. Dirección Xeral de **Cooperación Exterior - Fondo Galego.**
- 12/12/2008 En Santiago. **Comisión Executiva do Fondo Galego.**
- 10/12/2008 En Madrid. Reunión do **programa MUNICIPIA.**
- 05/12/2008 En Barcelona. **Reunión técnica da Confederación de Fondos.**
- 04/12/2008 26 de novembro a 4 de decembro en Perú. **Misión do Fondo Galego.**
- 01/12/2008 En Lugo. **Curso de Cooperación Internacional** e **Curso de Educación para o Desenvolvemento.**



[www.fondogalego.org](http://www.fondogalego.org)



XUNTA  
DE GALICIA



fondo  
galego

de cooperación  
e solidariedade



cooperación galega